

## DECRETO

**Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica do Excmo. Concello de Lugo.**

**Asunto: 3ª Convocatoria pública de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños. Ano 2024. Aprobación das bases da convocatoria.**

Visto o informe-proposta do Servizo de Medio Ambiente, que na súa parte expositiva é do teor literal seguinte:

### “ANTECEDENTES

1.- O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo número 1/222 relativo á toma de razón da aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos.

2.- A dita Ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local e no artigo 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de decembro de 2017.

3.- A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece o procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos e os criterios xerais de selección aplicables no seu Título II.

4.- A Xunta de Goberno Local, mediante o Acordo núm. 15/367 adoptado en sesión ordinaria do 22/06/2022, aprobou a listaxe definitiva de adxudicatarios dos hortos urbanos da anterior convocatoria iniciada no ano 2021.

5.- A vixencia das autorizacións fixébase en dous anos vexetativos conforme ao establecido no artigo 10.3 da devandita Ordenanza.

6.- O decreto 621/2024 resolveu iniciar o procedemento da 3ª convocatoria pública de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños, (ano 2024), así como comunicar aos adxudicatarios actuais dos hortos (conforme á convocatoria do ano 2021) o inicio deste novo procedemento así como a obriga de devolver os hortos en condicións análogas ás que tiñan cando foron cedidos ás persoas adxudicatarias.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira:** Este procedemento de adxudicación das autorizacións de ocupación e uso dos hortos urbanos emprazados no Parque dos Paxariños rexeráse polo disposto no Título II da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos publicada no BOP de Lugo do 29 de decembro de 2017.

**Segunda:** A competencia para a aprobación das bases deste procedemento corresponde á Xunta de Goberno Local, conforme ao establecido no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencia delegada pola Xunta de Goberno Local no Tenente de Alcaldesa Delegado de Área conforme ao Acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023.”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en virtude da delegación da Xunta de Goberno Local no Tte. de Alcaldesa Delegado da Área, recollida no apartado segundo do Acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023 e de conformidade coa proposta do Servizo de Medio Ambiente,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a 3ª convocatoria do procedemento de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso temporal dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños, con arreglo as seguintes

### BASES

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO PROCEDEMENTO

É obxecto deste procedemento o outorgamento de trinta e dúas autorizacións municipais para a ocupación e o uso temporal das parcelas destinadas a hortos urbanos sitas nas fincas de titularidade municipal anexas ao Parque dos Paxariños, na ladeira entre a ronda das Fontiñas (fronte aos portais núm. 146-180) e o paseo fluvial do Rato (estrada LU-P 2925), a carón do barrio de Xuíz.

#### SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DAS ADXUDICACIÓNS

As autorizacións de ocupación e de uso temporal dos ditos hortos outorgaranse como un uso común especial, en réxime de concorrencia, ás persoas beneficiarias que resulten deste proceso, recollido e regulado no Título II (artigos do 7 ao 13, ambos inclusive) da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos, publicada no BOP da provincia de Lugo o día 29 de decembro de 2017.

### TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

#### 3ª.1.- REQUISITOS ESIXIDOS PARA SER PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser persoas beneficiarias das autorizacións municipais de ocupación e uso temporal dos hortos urbanos as empadroadas no municipio de Lugo que, efectivamente, residan na localidade, e que cumpran ademais cos seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física maior de idade.
- b) Encontrarse capacitada/o fisicamente para a realización das labores agrarias para desenvolver no horto.
- c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.
- d) Non estar en posesión, tanto a persoa solicitante coma o seu cónxuxe ou outros membros da unidade familiar, doutra parcela comprendida nos hortos urbanos.
- e) Terán preferencia as persoas que non posúan outras parcelas agrícolas ou non sexan donas doutros terreos de natureza rústica no concello de Lugo que sexan aptos para actividades agrarias.
- f) Non ter sido sancionada/o por razón de posesión anterior de hortos urbanos, ou ter sido privada/o da parcela da que fora adxudicataria/o.
- g) Non ter sido beneficiaria/o da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior a esta, salvo que houbera insuficiencia de solicitudes nesta.
- h) Así mesmo, terán preferencia para ser persoas beneficiarias do uso e goce dos hortos urbanos aquelas persoas desempregadas, pensionistas, as que teñan menor capacidade adquisitiva e menor patrimonio persoal, para o cal, na convocatoria oportuna, se esixirá, de ser o caso, que se acrediten documentalmente estes aspectos.

## **Medioambiente**

MANF/cll

Refª: ispac7851430370027748646.doc

Asunto:

Excepcionalmente, sempre que non houberse un número suficiente de solicitudes, poderán ser persoas beneficiarias do uso e goce dos hortos aquelas persoas residentes de forma temporal no municipio que non se atopen empadroadas nel.

O Concello comprobará de oficio o empadramento e residencia efectiva da persoa solicitante no municipio de Lugo, así como o cumprimento da obriga de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.

### **3ª.2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A persoa interesada na adxudicación dun horto urbano deberá presentar unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, no modelo normalizado de instancia que se facilitará para o efecto.

A solicitude deberase acompañar da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento que legalmente o substitúa
- b) Unha fotografía recente tamaño carné
- c) Declaración responsable ou certificado médico de capacidade física para a realización de labores agrarias
- d) Declaración responsable de que tanto o solicitante como o seu cónxuxe ou outros membros da unidade familiar non están en posesión doutra parcela de horto urbano no municipio de Lugo
- e) A documentación que acredite o cumprimento das condicións que se van valorar conforme aos criterios que se establecen nesta convocatoria.

### **3ª. 3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo para a presentación das solicitudes será de un mes dende a publicación desta convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

### **CUARTA.- BAREMO PARA VALORACIÓN DAS SOLICITUDES**

A valoración das peticións de autorización para a ocupación e uso temporal das parcelas destinadas a hortos urbanos realizarase conforme ao seguinte baremo:

a) Persoas desempregadas que non reciban ou tivesen agotada a prestación e/ou subsidio de desemprego: 10 puntos.

b) Persoas desempregadas perceptoras de prestación ou subsidio por desempleo: 8 puntos

A situación de desemprego a que se refiren a) e b) acreditarase mediante documentación procedente do Servizo Galego de Colocación e/ou do SEPE.

c) Ter a persoa solicitante ao seu cargo algún integrante da unidade familiar con discapacidade psíquica e/ou física que o incapacite para o traballo. Por cada membro que cumpra esta condición:

- Grao de discapacidade ata o 33%: 1 punto
- Grao de discapacidade entre o 34% ata o 65%: 3 puntos
- Grao de discapacidade de 66% ou máis: 4 puntos

A acreditación da discapacidade farase mediante documento oficial de recoñecemento de tal situación.

d) Familias monoparentais: pais ou nais con fillos menores ao seu cargo: 4 puntos máis 1 por cada menor ao seu cargo.

Esta situación familiar acreditarase mediante copia do Libro de Familia ou documento que o substitua, Certificado da situación de monoparentalidade recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

e) Vítimas de violencia de xénero ou no ámbito familiar: 4 puntos que se incrementarán con 1 punto máis por cada fillo ao seu cargo.

A acreditación de esta situación farase por calquera dos medios admitidos en dereito.

f) Xubilada/os por ser maiores de 65 anos: 2 puntos.

g) Xubilada/os entre 60 e 65 anos: 1 punto.

A situación de xubilación á que se refiren os parágrafos f) e g) acreditarase mediante vida laboral ou documento que o xustifique.

En caso de obterem dous ou máis solicitantes a mesma puntuación, para a formación da listaxe de adxudicación terase en conta a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Lugo.

## **QUINTA.- LISTAXE DE ADXUDICATARIOS**

### **5ª.1. LISTAXE PROVISIONAL**

Conforme aos criterios de valoración formarase unha listaxe provisional de persoas adxudicatarias cos puntos acadados por cada unha delas que se exporá ao público a través do Taboleiro de Anuncios e da páxina web do Concello de Lugo polo prazo de dez días naturais nos que as persoas interesadas poderán presentar reclamacións en caso de disconformidade coa valoración realizada.

### **5ª.2. RESOLUCIÓN DEFINITIVA**

Rematado o prazo anterior, e resoltas, se é o caso, as reclamacións recibidas, ditarase resolución definitiva coa adxudicación persoal das distintas parcelas ás persoas beneficiarias que resulten da baremación anterior.

Aquelas persoas que, por menor valoración da súa solicitude, non resultaran beneficiarias da adxudicación dalgún horto urbano, pasarán a integrar unha bolsa de suplentes, en función da valoración que tiveran na fase de instrución.

Nos casos de renuncia ou perda do dereito outorgado a través da concesión da autorización de ocupación para o uso e goce dos hortos urbanos, realizarase un chamamento á ou ao seguinte candidato segundo a orde que ocupara na bolsa referida.

A vixencia da bolsa manterase ata a nova convocatoria do procedemento de adxudicación dos hortos, que levará consigo unha nova bolsa de suplentes resultante do antedito proceso, e manterase, non obstante, aberta á incorporación, por orde de presentación de solicitudes, a todas aquelas persoas que, fóra de prazo, soliciten ser beneficiarias do uso ou goce dos hortos urbanos e reúnan os requisitos esixidos nesta ordenanza.

No suposto de ausencia de suplentes na bolsa vixente ata o seguinte proceso de concesión de autorizacións, poderase acordar a realización dun procedemento extraordinario polo período que quede de vixencia das autorizacións.

## **SEXTA.- DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS**

As autorizacións que habiliten para a ocupación e uso do dominio público sobre o que se asentan os hortos urbanos serán persoais e temporais, polo prazo de dous anos vexetativos.

As autorizacións para o uso e disfrute dos hortos urbanos poderanse deixar sin vixencia, individual ou colectivamente, se se incumprisen as condicións que motivaron a súa concesión ou as obrigas que recaen sobre as persoas adxudicatarias sinaladas nos artigos 14 e 15 da Ordenanza municipal de hortos urbanos.

**SEGUNDO.**- Publicar esta convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo así como na súa páxina web.

**TERCEIRO:** Dar traslado ás dependencias e servizos municipais afectados.

Cúmprase.